

O empirismo. Locke e Hume

2º de BACH

John Locke (1632 - 1704)

John Locke (1632 - 1704)



Hume e Locke na PAU

- **Locke: O liberalismo político e contractualismo de Locke**
- **Hume: crítica das ideias de substancia e causalidade.**




John Locke (1632 - 1704). Contexto filosófico.

Ao contexto de Locke e Hume se lle pode engadir o de Descartes (coa excepción da escolástica no caso de Hume) xa que a filosofía moderna, ben inglesa como continental comparten boa parte das causas xa espostas)

John Locke (1632 - 1704). Contexto filosófico.

- Naceu en **Inglaterra** no ano 1632 e morre alí en 1704 despois de viaxar durante o seu **desterro** (polas súas críticas ao absolutismo da monarquía inglesa) por Holanda, Francia e Alemaña.
- Desde o punto de vista filosófico é considerado o **pai do Empirismo Inglés**, corrente que nace como **oposición ao racionalismo** desenvolvido no continente por Descartes, Spinoza e Leibniz.



John Locke (1632 - 1704). Contexto filosófico.

- O seu **pai e círculo de amizades** eran de corte **liberal**, o que **influenciou** ao **Locke** mozo.
- A **Inglaterra** do seu tempo, era un **ferveiro político e social** a punto de desbordar. As tensión xurdían principalmente entre:
 - **Realistas** (partidarios da monarquía absoluta) e **parlamentaristas** (partidarios dunha monarquía parlamentaria, con eleccións e representación das diferentes clases sociais).
 - **Católicos** (que recoñecían a autoridade do Papa sobre o rei e asociados ao absolutismo) e **protestantes** (que non recoñecían máis autoridade ca o de rei de Inglaterra e temían unha nova vaga de represión como a acontecida con María I Estuardo, máis coñecida como *Bloody Mary*). Isto influiu decisivamente na súa **defensa da tolerancia relixiosa** (entendida como a non persecución e aceptación dos individuos con distintos credos).




Carlos I de Inglaterra



Máscara de Guy Fawkes

John Locke (1632 - 1704). Contexto filosófico.

- Ademais se produce un **auge da burguesía e do sistema económico capitalista**. Os **privilexios** da monarquía, nobreza e clero (monopolios, exención de impostos, control de rutas de comercio, posesión desigual de recursos) eran un **atranco para as actividades económicas**, de aí que defendesen a **igualdade natural de todos os individuos e os mesmos dereitos políticos** (con excepción das mulleres, escravos e os pobres).



John Locke (1632 - 1704). Contexto filosófico.

- Con respecto a súa **educación**, accedeu -mediante beca- á *Christ Church* de Oxford (unha das institucións académicas máis prestixiosas) seguindo un **plan de estudos escolástico** (retórica, lóxica, metafísica, etc.) co que **non quedou satisfeito**.
- Unha vez acadado o título de bacharel, continuou os seus estudos de **Medicina** en Oxford (introducíndoo nas **ciencias experimentais**) acadando o título de *Master (magister)*. Entra en contacto coa obra de **Descartes**.




Christ Church (Universidade de Oxford)

John Locke (1632 - 1704). Contexto filosófico.

- Máis tarde viaxará a Montpellier (Francia) onde afondará na obra de **Descartes**, tomando como **influencia** o seu estilo **claro e sistemático**.
- A **coronación de Jacobo II (católico)** como rei de Inglaterra (1687) provoca a **reacción das faccións protestantes**, temerosas de que o catolicismo fose -de novo- a relixión oficial de Inglaterra. **Locke** **participará activamente no derrocamento do monarca** en favor de **Guillermo de Orange** o cal, para gobernar, debe firmar a **carta/declaración de dereitos (bill of rights)** a cal **garante a participación do parlamento nas decisións de goberno**.




Jacobo II de Inglaterra



John Locke (1632 - 1704)

- Unha vez instaurado no trono **Guillermo de Orange** (que era católico, aínda que se convertiu rápidamente ao protestantismo), Locke volve a Inglaterra onde escribe os *Dous tratados sobre o goberno*.
- Para críticos como Macpherson, cando Locke escribe os *Dous tratados* xa goza dunha **boa posición social e económica** (con importantes negocios, incluída a trata de escravos africanos) polo que a defensa da propiedade privada e a xustificación da non igualdade dos escravos podería obedecer a **intereses de clase**.



John Locke (1632 - 1704)

Epistemología empirista:
Subxectivismo vs. *Objektivismo*

John Locke (1632 - 1704)

- *Epistemoloxía*: Rama da filosofía que se ocupa de estudar o coñecemento (límites, características, orixe, causas, etc.)
- O **empirismo**, ao igual que o racionalismo, enmárcase na etapa de Filosofía Moderna caracterizada pola **análise do coñecemento humano**: o interese será determinar **cal é a orixe das nosas ideas**.

John Locke (1632 - 1704)



Racionalismo



Empirismo

Coñecemento = Ideas (sobre os obxectos)

Subxectivismo



Coñecemento directo a partir dos Obxectos

Obxectivismo

John Locke (1632 - 1704)

- Para os empiristas a nosa **mente ven a ser como unha táboa/pizarra en branco** (*tabula rasa*) onde se van recibindo ás impresións ou percepcións que proveñen dos sentidos a través da nosa experiencia.
- Os empiristas negan as ideas básicas do Racionalismo:
 - A razón é a fonte principal do coñecemento
 - A razón posúe ideas previas / independentes á experiencia (innatismo).



John Locke (1632 - 1704)

*Liberalismo político e
contractualismo*

John Locke (1632 - 1704)

- Se considera o **pai do liberalismo político**, o cal se basea en:
 - **Loita contra o absolutismo** (e os seus excesos) e os seus derivados como:
 - Desvinculación Igrexa (poder relixioso) - Estado (poder civil)
 - Separación de poderes (lexislativo, executivo e federativo)
 - Parlamentarismo
 - **Dereito a propiedade = Vida, posesión e liberdade** (entendida como a libre disposición da propia persoa e súas propiedades segundo as leis e non o capricho dun terceiro).
 - **Igualdade**



“[...]co fin de preservar as súas **vidas, liberdades e posesións**, é dicir, todo iso ao que lle dou o nome xenérico de «**propiedade**»”.

(*Segundo Tratado do Goberno Civil*,
Capítulo IX, John Locke)

John Locke (1632 - 1704)

Locke, ao igual que outros pensadores como Hobbes (*O Leviatán*) ou Rousseau (*O contrato social*), pensaba que **as sociedades xorden froito dun pacto ou contrato** que os seres humanos firmamos para unirnos a unha comunidade. Son as chamadas **teorías contractualistas**.

Este pacto implica ceder certos dereitos / liberdades a cambio de certas garantías (xustiza, seguridade, etc.)



Teorías clásicas

A sociedade é algo natural e anterior ao individuo.
O individuo non pode desenvolverse plenamente fóra da sociedade



Teorías contractualistas

O individuo é anterior á sociedade.
A sociedade é algo artificial, resultado dun acordo entre seres humanos



John Locke (1632 - 1704)

- Locke desenvolve o seu pensamento político, sobre todo, nos ***Dous tratados de goberno.***
- No primeiro refuta as teses de ***Robert Filmer*** (*Patriarcha*, 1680, a **orixe divina do dereito a gobernar dos reis**).



Robert Filmer

“Tendo demostrado no discurso anterior:

- 1) Que Adán non tivo, nin por dereito natural da paternidade, nin por don positivo de Deus, unha tal autoridade sobre seus fillos ou un dominio sobre o mundo como os que se lle pretendeu asignar.
- 2) Que si o tuvo, os seus herdeiros non o posuíron.
- 3) Que si os seus herdeiros o posuíron, como non hai lei da natureza, nin positiva de Deus que determine calé o herdeiro lexítimo en todos os casos que poida darse, o dereito de sucesión e, consecuentemente, o de asumir o goberno non puideron ser determinados con certeza”.

(*Segundo tratado sobre o goberno civil*, Capítulo I, John Locke)

John Locke (1632 - 1704). O contractualismo

Pero, como chega Locke á idea do contractualismo?

- No segundo tratado estuda de maneira exhaustiva aspectos como a tipos de goberno, tipos de poderes, os dereitos fundamentais, etc.
- Na súa análise da **orixe das sociedades**, Locke distingue entre:
 - **Estado de natureza** 🌄 : Paz, boa vontade, asistencia mutua, conservación da humanidade. Igualdade, liberdade.
 - **Estado de guerra** ⚔️ : Enemistade, opresión, malicia, violencia e destrución mutua.



John Locke (1632 - 1704). O contractualismo

O **estado de natureza** se caracteriza por:

- A **propiedade da terra é común**
- Os seres humanos son **libres** para dispoñer da súa persoa e posesións **con límites**:
 - Non é libre para suicidarse
 - Non pode danar a outras persoas (agás autodefensa).
 - Non pode matar outras criaturas da súa posesión (excepto si é para a súa preservación, comer, vestirse, etc.)
- Os seres humanos son **iguais** sen ningún tipo de subordinación duns a outros xa que fomos creados polo mesmo facedor: Deus.



“Para entender o poder político correctamente, e para deducilo do que foi a súa orixe, temos que considerar cal é o **estado** no que os homes se atopan por **natureza**. E é este un estado de **perfecta liberdade** para que cada un ordene súas accións e dispoña de posesións e persoas como xulgue oportuno, **dentro dos límites da lei da natureza**, sen pedir permiso, nin depender da vontade doutro home. [...] Nada hai máis evidente que o que as criaturas da mesma especie e rango, nacidas todas elas para desfrutar en conxunto das mesmas vantaxas naturais e para facer uso das mesmas facultades entre sí, haxan de ser tamén **iguais entre sí**”.

(Segundo tratado sobre o goberno civil, Capítulo II, John Locke)

John Locke (1632 - 1704). O contractualismo

- Existe unha lei (a **lei da natureza = razón humana**) outorgada por **Deus**. Non é unha contradición para un empirista?
- Esta lei -sobre todo- busca a **paz e a preservación e afecta a toda a humanidade adulta (<21 anos)**.
- No estado de natureza, os **proprios individuos son os encargados de levar a cabo o cumprimento da lei**.
- Polo tanto, si unha persoa dana a outra, o resto pode **castigar** (para disuadir ao criminal e a outros de repetir tales crímenes) **polo mal feito** e -particularmente a persoa danada- poderá demandar unha **reparación**. Son as dúas únicas maneiras polas que un individuo pode ter poder sobre outro.

“O estado de natureza ten unha lei de natureza que o goberna e que obriga a todos; e a razón que é esa lei, ensina a toda a humanidade que queira consultala que sendo todos os homes iguais e independentes, ningún debe danar a outro no que atingue a súa vida, saúde liberdade ou posesións. [...] E se no estado natural calquer persoa pode castigar a outra polo mal feito, todos poden facer o mesmo; [...] E así é como no estado de natureza un home chega a ter poder sobre outro.”.


(Segundo tratado sobre o goberno civil, Capítulo II, John Locke)

John Locke (1632 - 1704). O contractualismo.

- Locke afirma que ao **delinquir**, a persoa que delinque sae do *estado de natureza* e se coloca no ***estado de guerra***.
- É unha das grandes **diferencias con respecto a Hobbes** xa que este último considera que o **estado natural do ser humano é o *estado de guerra***.

“E así é como cada home, no estado de natureza, ten o poder de matar a un asesino, para disuadir a outro de cometer a mesma inxuria, a cal non admite reparación [...] e ten tamén o poder de protexer aos homes dos ataques dun criminal que, tendo renunciado ao uso da razón -esa regra e norma común que Deus deu a humanidade- declarou a guerra a todo o xénero humano ao cometer inxusta violencia matando a un dos seus membros.”.


(*Segundo tratado sobre o goberno civil*, Capítulo II, John Locke)



Thomas Hobbes

John Locke (1632 - 1704). O contractualismo de Hobbes

- **A solución** -segundo Hobbes- é **ceder todo o poder a un Estado** (o *Leviatán*) mediante un **contrato de submisión**.
- Isto carregaría que o Estado é o **único soberano**, sendo os demais unicamente súbditos aos que o Estado, de maneira lexítima pode esixir **obediencia absoluta**.
- Só así o Estado podería **garantir a seguridade** a todos os seus membros evitando que se acabasen destruindo entre si.
- **Estado absoluto** (natureza do Estado) **≠** **Monarquía absoluta** (forma de goberno preferida por Hobbes pola súa estabilidade e eficiencia, pero non a única).



John Locke (1632 - 1704). O contractualismo

O **gran problema** que detecta Locke é o seguinte:

- Se no estado de natureza, cada persoa ten o dereito de facer cumprir a lei da natureza, pode darse o caso que teña que xulgar a súa propia causa e ter que decidir o castigo e a reparación pertinente.

**Sería razoable que unha persoa fose parte e -
ao mesmo tempo- xuíz do seu propio pleito?**

NON

John Locke (1632 - 1704). O contractualismo

- Locke, considera que non é posible que un home poida ser xuíz e parte do seu propio caso, xa que iso podería conlevar a **tentación** obvia de **xulgar en favor de sí mesmo** propoñendo castigos excesivos ou reparacións esaxeradas.
- A **solución** a este problema é o **gobierno / sociedade civil**



“A esta estrana doutrina -é dicir, á doutrina de que no estado de natureza cada home ten o poder de facer que se execute a lei natural- se lle porá sin dúbida, **a obxeción de que non é razoable que os homes sean xuíces das súas propia causa**; que o amor propio os fará xulgar en favor de sí mesmos e dos seus amigos, e que, por outra parte, seus defectos naturais, súa paixón e seu desexo de vinganza levaráns demasiado lonxe ao castigar a outros, do cal se poderá seguirse confusión e desorde; e que, polo tanto, é **Deus o que puxo no mundo os gobernos, a fin de poner coto á parcialidade e violencia dos homes**. Concedo sen reservas que o **gobierno civil, ten que ser o remedio contra as inconveniencias que leva consigo o estado de natureza**”.

(Segundo tratado sobre o goberno civil, Capítulo II, John Locke)

John Locke (1632 - 1704). O contractualismo

- Pola mesma razón anterior, Locke **rexeita as monarquías absolutas** porque **sitúan a un home** (ao monarca) no **estado de natureza**, tendo o poder de xulgar a súa propia causa e podendo dispoñer libremente dos seus súbditos.

“Pero quero que quenes me fagan esa obxección lembren que os **monarcas absolutos son tamén simples homes**; e se o goberno ten que ser o remedio deses males que se seguen necesariamente de que os homes sean xuíces da súa propia causa, sendo pois o estado de natureza algo insoportable, desearía saber que clase de goberno será, e se resultará mellor ca o estado de natureza, aquel no que un home, **con mando sobre a multitude, ten a liberdade de xulgar súa propia causa e de facer co seus súbditos o que lle parezca, sen darlle a ningún a oportunidade de cuestionar ou controlar a quen goberna según seu propio gusto [...]. Moito mellor sería a condición do home no seu estado natural onde, polo menos, os individuos non están inxustamente obrigados a someterse a inxusta vontade do seu semellante”.**

(Segundo tratado sobre o goberno civil, Capítulo II, John Locke)



John Locke (1632 - 1704). O contractualismo

- Locke identifica ás **monarquías absolutas** coa **opresión** e a **escravitude** e considera que a única maneira de asegurar a **conservación** (supervivencia) dos seres humanos **e evitar ese tipo de gobernos**.

“Porque teña eu razón cando conclúo que aquel que quere poñerme baixo o seu poder sen o meu consentemento podería utilizarme ao seu gusto en canto me tivera, e podería asimesmo destruírme en canto lle viñese en gana. Pois ninguén desearía terme baixo seu poder absoluto, senón fose para facer cousas que van contra a miña vontade , é dicir para facer de min un escravo. Estar libre desa coacción é o único que pode asegurar miña conservación; e a razón me aconsella considerar a un home tal como inimigo da miña conservación”.

(Segundo tratado sobre o goberno civil, Capítulo III, John Locke)



Luis XIV



Catalina “A Grande”

John Locke (1632 - 1704). O contractualismo

Pero **como xorde o goberno civil?** → A través do ***contrato social***.

Locke define o contrato social como un **“*pacto que resulta un acordo mutuo entre individuos para entrar nunha comunidade (Estado) e formar un corpo político, renunciando á igualdade e someténdose ás decisión da maioría e a ser guiado por ela”***

- Esta obligación é clave para Locke, xa que do contrario non habería diferencia con respecto ao *estado de natureza*.



John Locke (1632 - 1704). O contractualismo

É unha
sumisión total?



Non. Existe o
dereito á rebelión



O pobo é libre
para escoller outro
poder lexislativo



Cando?



No caso no que
os gobernantes
**non busquen o
ben / interese
común**



Cando o monarca impón a súa
vontade arbitrariamente




Cando o monarca impide o normal
funcionamento do poder lexislativo

Cando o monarca altera o sistema de
elección en contra dos intereses do
pobo

Cando se entrega ao pobo a unha
potencia estranxeira

Cando o poder executivo se
desentende da súa función (e as leis
non se excutan)

John Locke (1632 - 1704). O contractualismo

CONTRATO SOCIAL			
	 HOBBS	 LOCKE	 ROUSSEAU
ESTADO DE NATURALEZA	Cada humano busca su propio interés. Guerra de todos contra todos.	Derecho a: <ul style="list-style-type: none">• Conservación de la vida y su defensa• Libertad• Propiedad	Hombres buenos compasivos, libres e iguales. La sociedad genera desigualdades e injusticias
EL CONTRATO	Pacto entre individuos que renuncian a la violencia a favor de la paz y la seguridad	Conservación de la libertad, renunciando al uso de la fuerza Contrato entre individuos y entre estos y el estado	Compromiso libre entre individuos de someterse a las leyes Las leyes expresan la voluntad general
EL ESTADO	Estado con poder absoluto	Su poder deriva del pueblo El estado debe asegurar paz y seguridad Poder limitado. liberalismo político	Soberanía popular Democracia directa

John Locke (1632 - 1704). O liberalismo político.

Pero que tipo de sociedade busca Locke?

- Locke afirma que **o maior problema é o estado de guerra**, do cal só é posible saír mediante a **creación de institucións / autoridades** que actúen como xuíces dos litixios xurdidos.
- A creación de autoridades / institucións é o que leva ao ser humano a **vivir en sociedade (estado de sociedade)** e abandonar o *estado de natureza*.

“Para evitar este estado de guerra- no que só cabe apelar ao Ceo, e que pode **resultar da menor disputa cando non hai unha autoridade que decida entre as partes en litixio** -é polo que, con gran razón, os homes se poñen a sí mesmos nun **estado de sociedade** e abandonar o de natureza. Porque alí donde hai unha autoridade, un poder terrenal do que pode obterse reparación apelando a el, o estado de guerra queda eliminado e a controversia é decidida por dito poder”.

(Segundo tratado sobre o goberno civil, Capítulo III, John Locke)

John Locke (1632 - 1704). O liberalismo político.

- O **obxectivo da sociedade civil** -segundo Locke- e -a súa vez- a razón pola que os seres humanos deciden abandonar o *estado de natureza* “limitando” as súas liberdades é a **conservación da propiedade**.
- “Limitando” (entre comillas) xa que Locke considera que no *estado de natureza* (ao ser un estado máis caótico) hai menos liberdade que no civil, polo que, *de facto*, se estarían aumentando as nosas liberdades.

“Por conseguinte, o gran e principal **fin** que leva aos homes a unirse en Estados e a poñerse baixo un goberno é a **preservación da súa propiedade**, cousa que non podían facer no *estado de natureza* por faltar nel moitas cousas”.

(*Segundo tratado sobre o goberno civil*, Capítulo IX, John Locke)

John Locke (1632 - 1704). O liberalismo político.


- Polo tanto, para Locke, a **sociedade civil / política** é unha unión voluntaria de individuos no que “teñen establecida unha lei común e unha **xudicatura** (a lexislatura) á que apelar, con autoridade para decidir entre as controversias e castigar aos ofensores” (*Segundo tratado de goberno*, Capítulo VII, John Locke).
- Nesta sociedade civil, os individuos renuncia ao seu poder natural de xulgar e castigar aos ofensores, deixándoo en mans da comunidade.



“(sobre a sociedade civil / política) Isto é o que saca aos homes do estado de natureza e os pón nun Estado: o establecemento dun xuíz terrenal con autoridade para decidir todas as controversias e para castigar as inxurias que poidan afectar a calquera membro do Estado; e **dito xuíz é a lexislatura, ou o maxistrado nomeado por ela**”. (*Segundo tratado sobre o goberno civil*, Capítulo VII, John Locke)

John Locke (1632 - 1704). O liberalismo político.

- A administración de xustiza sería pois a **orixe das sociedades civís** ou **estados**. Esta tarefa estaría en mans do poder lexislativo (poder supremo). Deste poder emanan os outros dous.
- Locke, sinala que, ademáis de promulgar leis, é necesario que se cumpran (incluso pola forza, xa que esta sería lexítima ao emanar dunha institución aprobada pola maioría). Por iso contempla outro poder encargado diso: o poder executivo.
- Ademais, Locke observa un **terceiro poder** que serviría para *castigar as afrentas de fóra* (é dicir a guerra), o cal lle denomina: poder federativo.



John Locke (1632 - 1704). O liberalismo político.

Por que os poderes deben estar separados?. Segundo Locke por dúas razóns:

1. Se o que fai a lei é o mesmo que debe executala podería ter a **tentación de non executala sobre sí mesmo se iso lle perxudica.**
2. Podería ter a **tentación de facer leis a súa medida**, contrarias ao ben común do estado.

“E como, debido á fragilidade dos homes (os cales tenden a acumular poder), estes poderían ser tentados a ter nas súas mans o poder de facer leis e o de executalas para así **eximirse de obedecer as leis que eles mesmos fan**; e como poderían ter tentacións de **facer leis a súa medida e de executalas en beneficio propio**, chegando así a crearse intereses distintos dos do resto da comunidade e contrarios aos fines da sociedade e do goberno”.

(Segundo tratado sobre o goberno civil, Capítulo XII, John Locke)

John Locke (1632 - 1704). O liberalismo político.

Hai algún límite para cada poder?. Sí:

Límites do poder lexislativo:

- O goberno debe guiarse por **leis promulgadas e establecidas que non deben variarse** por casos particulares, diferenzas de clase ou favoritismos.
- As leis deben ter un contido contemporáneo e acorde coa actualidade.
- O seu poder está limitado á **procura do ben público da sociedade**. Toda lei debe estar orientada ao **ben da comunidade**.
- **Non se poden subir os impostos sen o consentemento do pobo** ou os seus representantes (únicamente aplicable a gobernos con lexislatura vitalicia).
- A lexislatura **non pode transferir o poder de facer leis** a ninguén distinto ao escollido polo pobo.



John Locke (1632 - 1704). O liberalismo político.

Límites do poder executivo:

- O executivo (executor das leis) debe guiarse polo **ben da sociedade**. Isto implica o que Locke denomina **prerrogativa**:
 - Pode negarse a executar leis que consideren inxustas
 - Pode negarse a executar leis que se consideren inadecuadas para casos concretos.
 - Pode tomar decisións en casos onde todavía non hai unha lei.



“[...] como, por exemplo, non derrubar a casa dun home inocente, para cortar o lume cando a casa veciña incendiouse.”

(Segundo tratado sobre o goberno civil, Capítulo XIV, John Locke)

John Locke (1632 - 1704). O liberalismo político.

- O poder lexislativo (a lexislatura) debe ser **escollida por maioría** (non do 100% o cal considera imposible).
- Locke é consciente que as **sociedades son dinámicas** e, polo tanto a **súa representación estamental** (clero, rei, pobo, etc.) **pode variar**. En consecuencia Locke, considera que o **poder executivo** ten o **dereito a establecer**, en función da poboación real de cada estamento, **o número de representantes adecuado** co fin de evitar unha representación irreal que dea lugar a leis inxustas no futuro.

John Locke (1632 - 1704). Críticas e influencias.


- O pensamento de Locke tivo unha notable influencia na **teoría política liberal**, xa que a través do principio de propiedade actuou como unha sólida base en **defensa dos intereses comerciais da burguesía**, que reclamaba do poder político **seguridade e liberdade** para exercer as súas actividades económicas.

LA RIQUEZA DE
LAS NACIONES




Adam Smith

Alexis de
Tocqueville
La democracia
en América, I



John Locke (1632 - 1704). Críticas e influencias.

- Tamén inspirou aos **políticos ilustrados franceses**, por exemplo **Montesquieu**, e proporcionou estímulos aos pais da democracia americana.
- Moitos dos seus ideais chegaron a converterse en **principios básicos** da **teoría democrática actual**. Merecen destacarse dous:
 - A idea de que nos sistemas políticos **os seres humanos non somos súbditos** (submisión total do individuo ao poder político) **senón cidadáns**, é dicir, individuos posuidores duns dereitos inalienables que os poderes políticos deben respectar e fomentar.
 - O **principio de tolerancia relixiosa** que, segundo Locke, sería unha aplicación do dereito de liberdade á diversidade de creencias relixiosas.



John Locke (1632 - 1704). Críticas e influencias.

- As posições **contractualistas** foron **revisadas no s.XX** por autores como Rawls, Buchanan...creando o que se coñece como **Neocontractualismo**.

Teoría de la justicia

John Rawls





JAMES M. BUCHANAN Los límites de la libertad ENTRE LA ANARQUÍA Y EL LEVIATÁN

conocimiento

John Locke (1632 - 1704). Críticas e influencias.

- Unha **dura crítica** dos ideais liberais aparecerá no século XIX da man das **teorías marxistas**, concretamente a censura do **dereito á propiedade privada**, que fora insinuada xa previamente por Rousseau no século XVIII.
- Segundo **Marx**, ese dereito éo que leva ás **desigualdades sociais**. De maneira que as reformas cara unha sociedade igualitaria pasarían por **substituír a propiedade privada por unha propiedade colectiva dos medios de produción**.



AKAL / BÁSICA DE BOLSILLO

JEAN-JACQUES
ROUSSEAU
EL CONTRATO SOCIAL

David Hume (1711 - 1776)

David Hume (1711 - 1776)



Hume e Locke na PAU

- Locke: O liberalismo político e contractualismo de Locke
- **Hume: crítica das ideias de substancia e causalidade.**



David Hume (1711 - 1776)

- Naceu o ano 1711 en **Edimburgo**, e alí morreu o ano 1776.
- As súas obras máis importantes son:
 - ***Tratado da natureza humana***
 - ***Investigación sobre o entendemento humano***



David Hume
**Tratado
de la naturaleza
humana**



"Todo el mundo se queja de su mala memoria. Nadie de su poco entendimiento"

David Hume
Hume Investigación sobre el conocimiento humano
Alianza editorial



David Hume (1711 - 1776)

- **Continuador e radical do empirismo iniciado por Locke.**
- **Empirismo = «Ningún coñecemento é válido si non provén da experiencia (información que obtén a mente a través dos sentidos)».**
- Esta **información / contidos** que obtén a mente mediante a experiencia Locke chámalles **ideas**.
- A **mente humana está baleira (tabula rasa)** e se vai enchendo a medida que temos experiencias.

EPISTEMOLOGÍA

Significado rama de la filosofía que estudia el origen, la esencia y los métodos del conocimiento y de la ciencia. Desde Descartes, se ha convertido en uno de los principales intereses de la filosofía

Nota la epistemología existe desde los tiempos de la filosofía de la Antigua Grecia, pero fue Descartes quien la situó en el centro de la investigación filosófica

La epistemología parte de la siguiente pregunta: "¿Cómo consiguen los seres humanos conocer las cosas?"

Los seres humanos poseen nociones básicas desde el nacimiento

RACIONALISMO CONTINENTAL (p. 107) Descartes

CONTRA

EMPIRISMO INGLÉS (p. 101) Locke

No es verdad. No las poseen

Posteriormente se pasa a la controversia sobre la existencia, o no, de las ideas innatas (p. 112).

La forma, el peso y la cantidad se pueden captar objetivamente

CONTRA

Forma, peso y cantidad no son sino nociones subjetivas

Locke Berkeley

Incluso dentro del **empirismo inglés** (p. 101) encontramos puntos de vista confrontados, de quienes reconocen la existencia objetiva de las cosas y de quienes no la reconocen. Pero en general el problema se reduce a: **¿El conocimiento del sujeto y el objeto coinciden?**

¡A B v C coinciden?

David Hume (1711 - 1776)

Locke	Hume
Ideas simples (amarelo, frío, brando) se refiren a unha calidade	Percepcións ou impresións. Son todas aquelas sensacións, emocións ou paixóns que experimentamos que ocorren no mesmo momento que as sentimos. Súa viveza e realidade son totais.
Ideas complexas (suma de ideas simples). Mazá = forma+ cheiro + sabor + cor. Son os <u>conceptos</u>	Ideas. Toda idea que non proceda dunha impresión previa será un produto da imaxinación sen ningunha validez obxectiva

O entendemento é incapaz de producir coñecementos válidos sen a experiencia

Fenomenismo (*phainomenon*)

David Hume (1711 - 1776). O fenomenismo

- De acordo co fenomenismo, **o ser humano non coñece as cousas tal e como son en si mesmas (noúmeno kantiano), senón só como aparecen ou se amosan ós sentidos (fenómeno kantiano).**
- **Nin sequera**, segundo Hume, **podemos considerar que exista un mundo real exterior a nós** á marxe das nosas percepcións.
- Como máximo **podemos dicir é que percibimos un mundo**, mais **non que ese mundo sexa unha realidade existente con independencia das nosas percepcións ou impresións.**



Fenómeno (Kant)



Noúmeno (Kant)

David Hume (1711 - 1776). Crítica á idea de substancia.


Crítica a idea de substancia



SUSTANCIA

Significado Aquello que para existir se basta a sí mismo
Nota la filosofía contemporánea critica el recurso al concepto de "sustancia" apelando al "relativismo", según el cual el significado o el valor de algo se define siempre en relación con otra cosa

Se define **sustancia** como lo que no depende de otra cosa para existir, sino que existe en sí y por sí mismo. El concepto se traduce también con las expresiones "forma verdadera" o "verdadera naturaleza" de las cosas. Todos los filósofos se han preguntado [alguna vez]: "Pero, en concreto, ¿qué [cosa] es la sustancia?"



David Hume (1711 - 1776). Crítica á idea de substancia.

- A **substancia** é utilizada por Hume como **base para a crítica de todos os conceptos da metafísica racionalista**, particularmente aos que era aplicada:

- **Deus** (*res infinita*)
- **Alma** (*res cogitans*)
- **Mundo** (*res extensa*)




David Hume (1711 - 1776). Crítica á idea de substancia.

Hume razoa da seguinte maneira:

- **1. Todo concepto ou idea para ser válida ten que derivarse da súa correspondente impresión.**
- **2. A idea de substancia non se deriva de ningunha impresión**
- **3. A idea de substancia non é válida e, polo tanto, a substancia é algo imposible de coñecer**
- *O mesmo coa alma ou Deus xa que, posto que non temos ningunha percepción deles, trataríase de entidades ficticias ou, cando menos, o coñecemento humano non pode ter ningunha constancia da súa existencia.*

David Hume (1711 - 1776). Crítica á idea de causalidade

- Hume tamén aplicou o fenomenismo á análise do concepto de causa.
- A **ciencia moderna** tamén servíase deste principio para ofrecer unha concepción determinista da natureza baseada na crenza todos os **fenómenos** (cuestións de feito, *matters of fact*) que ocorren na natureza están **causados por outros fenómenos** naturais previos (relación causa-efecto).
- Coa súa crítica, **Hume atacaba o mesmo corazón do método científico.**



David Hume (1711 - 1776). Crítica á idea de causalidade

- Segundo Hume, **nin a idea de causalidade nin a conexión necesaria entre fenómenos se derivan de ningunha experiencia, é dicir, de ningunha percepción**. Esta só nos amosa que habitualmente certos fenómenos seguen a outros, por exemplo, acercando un metal a unha fonte de calor dilátase.
- Sen embargo, insiste Hume, **nunca observamos unha “causa” ou “conexión necesaria” entre dous fenómenos**, de tal xeito que poidamos concluír con absoluta certeza que un será sempre a causa do outro, e que sempre que se produza un necesariamente se producirá o outro (é dicir que poidamos predicir feitos futuros).
- As **relacións causais** para Hume se basan na **regularidade** e non na certeza. Polo tanto **o coñecemento científico non pode exceder do térreo do probable**.



David Hume (1711 - 1776). Crítica á idea de causalidade

- Hume substitúe a certeza indubidable de Descartes pola crenza e a **probabilidade**, derivando así nun certo escepticismo contrario ao dogmatismo racionalista.



David Hume (1711 - 1776). Críticas e influencias

- A obra de Hume marcará profundamente á filosofía kantiana no que respecta á **afirmación de que a nosa razón ten unha capacidade limitada**. Mais **rexeitará a conclusión escéptica de Hume que nega a validez do coñecemento universal** e necesario das ciencias empíricas.
- Despois de Hume, a negación da posibilidade de acadar unha certeza absoluta foi combatida polo idealismo alemán no S. XIX, e pola fenomenoloxía no S.XX.



David Hume (1711 - 1776). Críticas e influencias

- Pola contra, é debedora do empirismo a **filosofía neopositivista ou positivismo lóxico** (xa que intentan estudar o coñecemento desde a análise lóxica da linguaxe), tamén no S. XX, que ven a **experiencia a única fonte válida de coñecemento e a súa postura antimetafísica**.
- E posto que as ciencias empíricas son as únicas formas de coñecemento que se ateen metodicamente á experiencia entón, din os neopositivistas, serán tamén as únicas formas fiables de coñecemento.